



IES DE MEAÑO
2024

**PROTOCOLO PARA
GARANTIR A
LIBERDADE DE
IDENTIDADE DE
XÉNERO E A NON
DISCRIMINACIÓN**

PLAN DE CONVIVENCIA

1 INTRODUCCIÓN

No artigo 6 Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, modificado parcialmente pola Lei Orgánica 3/2020 de Educación; recoñécese que todos/as os/as alumnos/as teñen dereito “a que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais”.

A manifestación en menores de desconformidade coa súa identidade de xénero pode supoñer, en determinados casos, unha situación de especial vulnerabilidade e chegar a provocar problemas como o rexeitamento social ou, mesmo, acoso por parte dos compañeiros e das compañeiras, que incide nas experiencias educativas.

No ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a primeira resolución na que se recoñecen os dereitos do colectivo LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero.

No texto consolidado da Lei Orgánica 2/2006 de Educación, establécese entre os principios e fins da educación; “a calidade da educación para todo o alumnado, sen que exista discriminación algunha por razón de nacemento, sexo, orixe racial, étnico ou xeográfico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. Entre as medidas que atinxen ó ámbito educativo, sinalase que se establecerán “actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero”.

A Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e á adolescencia, desenvolve no seu capítulo IV diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos. Entre outros aspectos sinala que as administracións educativas establecerán protocolos de actuación contra o abuso, o maltrato, o acoso,.... que “deberán contemplar actuacións específicas cando o acoso teña como motivación a discapacidade, problemas graves do neurodesenvolvemento, problemas de saúde mental, a idade, prexuízos racistas ou por lugar de orixe, a orientación sexual, a identidade ou expresión de xénero.”

Para facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero nos centros educativos, a Xunta de Galicia establece o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, dende o cal se sinalan actuacións en materia organizativa. Con todo, sinala, **cada centro deberá establecer no seu plan de convivencia as medidas particulares** que sexan necesarias para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa. **Atenderanse particularmente os menores de idade**, independentemente de que todas as normas, medidas e actuacións previstas no plan de

Contribución e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo cunha perspectiva de xénero que garanta a diversidade afectivo-sexual e a identidade sexual.

2 LIÑAS DE ACTUACIÓN

Seguindo os preceptos normativos, incluímos no Plan de Convivencia do IES de Meaño, as seguintes liñas de actuación.

2.1 Comunicación á dirección do centro educativo

Por parte do/a alumno/a ou da familia en caso de ser menor de idade. Cando manifesten mediante comunicación escrita ([ANEXO I](#)), unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo, tal como se establece no protocolo establecido dende a administración educativa.

Tamén realizarán a comunicación oportuna cando se rexistren cambios na documentación civil. [ANEXO III](#).

Por parte do/a alumno/a, menor de idade, sen coñecemento da familia. Cando comunique esta situación, o centro educativo facilitaralle o seu apoio e mediación na comunicación coa familia e o acceso aos recursos socio-sanitarios que correspondan. Se se detectaran indicadores de maltrato cara a identidade de xénero, activaranse as actuacións previstas nos instrumentos de convivencia ou de maltrato.

Se o alumno/a manifesta o seu desexo de non falar coa familia, recollerase por escrito, a solicitude de uso do nome sentido ([ANEXO II](#)). Igualmente, que no caso anterior, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo, tendo en conta que o libre desenvolvemento da personalidade implica o dereito de cada persoa para ser tratada de conformidade á súa identidade e expresión de xénero en todos os ámbitos públicos e privados respectando o nome elixido ou de uso común. Así mesmo, de acordo á Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e á adolescencia, “os nenos, nenas e adolescentes terán dereito a que a súa orientación sexual e identidade de xénero, sentida ou expresada, sexa respectada en todas as contornas de vida, así como a recibir o apoio e asistencia precisos cando sexan vítimas de discriminación ou violencia por tales motivos” (art. 9).

Por parte do persoal docente ou de calquera outro membro da comunidade educativa. Calquera membro do persoal docente observa nun alumno ou alumna, manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, debe informar á dirección do centro.

Cando a **dirección** do centro reciba a comunicación:

Informará ó departamento de orientación para que realice un estudo e valoración de necesidades e se activen os recursos e medidas necesarias.

Convocará unha reunión co departamento de orientación e coa persoa titora do/a alumno/a, para informar da solicitude e das medidas que é preciso establecer.

Establecerá, as medidas de actuación que sexan necesarias para garantir a igualdade, a liberdade de identidade e a non discriminación do alumnado.

Se algún dos representantes legais do/a menor se opuxese, tomará as medidas precisas que garantan o benestar do/a mesmo/a.

O **departamento de orientación** levará a cabo as seguintes actuacións:

Reunirase co/a alumno/a para valorar a situación de partida e realizarase unha valoración na que se recollerán as medidas de atención á diversidade e as orientacións dirixidas tanto ó/á alumno/a, como ó resto da comunidade educativa. Prestarase especial atención á medidas preventivas de discriminación e/ou acoso por razón da súa identidade e orientación sexual.

Asesorará ó/á alumno/a e á súa familia, cando sexa o caso, acerca dos recursos sociais e sanitarios que hai na contorna á súa disposición. Se na identificación das necesidades educativas do alumnado detectácese algún problema ou dificultade no seu desenvolvemento persoal e social, relacionado coa súa identidade de xénero, que precise da intervención doutros recursos especializados externos ao sistema educativo, asesorarase á familia ou representantes legais sobre os devanditos recursos, especialmente os propios do sistema de saúde correspondente. No caso de que a familia ou representantes legais decidisen facer uso destes recursos, acompañarase do informe correspondente.

Cando é o alumnado, menor de idade, quen comunica a solicitude de uso de nome sentido, facilitaralle o seu apoio e mediación na comunicación coa familia. En caso de negarse, fará as pescudas pertinentes para coñecer os motivos que lle impiden dar este paso. En caso de constatar indicios de maltrato, comunicarllo ó equipo directivo. De non existir, indicadores que poñan en risco o benestar do/a menor, farase un seguimento no cal se promovan actuacións para facilitar esta comunicación e mediación coa familia.

A **persoa titora**, unha vez realizadas as reunións e establecidas as medidas acordadas, daralle traslado das mesmas do seguinte xeito:

Trasladará ó equipo docente e ó claustro aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións. O traslado desta información farase mediante correo electrónico. Para garantir a protección de datos do alumnado, indicaranse o nome completo coas iniciais dos apelidos.

inmamente, a natureza do centro, creando a información coñecemento necesaria e persoal non docente.

2.3 Establecemento de medidas de actuación

2.3.1 Medidas organizativas en relación ó alumnado co xénero que sente como propio

Non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta fose necesaria, terase en conta a identidade de xénero coa que o/a alumno/a se sente identificado/a.

Garantirase o seu dereito a elixir a propia imaxe, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto.

A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde. Tamén na documentación e nas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos.

Facilitaráselle o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado.

Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.

En todo o proceso actuarase de acordo co dereito á privacidade do alumnado e de todos os membros da comunidade educativa.

2.3.2 Medidas para a información e a formación da comunidade educativas

Realización actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado.

Promoción de actuacións formativas dirixidas aos equipos directivos, orientadores e equipos docentes, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.

Dispoñibilidade na biblioteca dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade.

2.3.3 Medidas de prevención, detección e intervención

No plan de Convivencia do centro establécese o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso, e os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia.


Se se constata unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, aplicaranse as medidas correctoras correspondente

Se se detectan indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor por parte da familia, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

Para garantir que o protocolo se desenvolva segundo o previsto e se garanta o dereito á identidade de xénero; levaranse a cabo as seguintes actuacións de seguimento:

- A persoa coordinadora de benestar e igualdade, velará polo cumprimento das medidas establecidas.
- A persoa titora, en colaboración co departamento de orientación, manterá reunións periódicas co alumnado que inicie o cambio de identidade de xénero. Prestarase especial atención á prevención de acoso escolar.

05/2024



ANEXO I

COMUNICACIÓN DA FAMILIA

Dn/Dna: _____ con DNI _____; como
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____ de _____ curso da ESO
do IES de Meaño.

EXPOÑO

O nome que consta no DNI/Pasaporte do do meu fillo/a menor de idade é _____.

SOLICITO

Conforme o procedemento establecido no Protocolo para garantir a liberdade de identidade de xénero, que se modifique o seu nome e/ou xénero polos seguintes:

- Nome sentido e de uso común _____
- Xénero sentido e de uso común _____

Á espera de tramitación legal de cambio de nome/xénero; cando a natureza da xestión administrativa o requira, solicito que se recollan os seus datos persoais do seguinte modo: nome sentido e apelidos completos.

Así mesmo, solicito que se tomen as medidas pertinentes para garantir os dereitos e liberdades do/a meu/miña fillo/a, atendendo á normativa legal e o Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

En _____, a _____ de _____ de _____.

Asdo.:

SOLICITUDE DE USO DO NOME SENTIDO (ALUMNADO)**Datos persoais**Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Centro:

IES de Meaño

Curso:

EXPOÑO

O nome que consta no meu DNI/Pasaporte é _____

e o xénero é _____.

SOLICITO

Conforme o procedemento establecido no Protocolo para garantir a liberdade de identidade de xénero, que se modifique o meu nome e/ou xénero polos seguintes:

- Nome sentido e de uso común _____

- Xénero sentido e de uso común _____

Cando a natureza da xestión administrativa o requira, os meus datos persoais quedarán recollidos do seguinte modo: nome sentido e apelidos completos.

En _____, a _____ de _____ de _____.

Asdo.:

COMUNICACIÓN CAMBIO LEGAL DE XÉNERO**Datos persoais do alumno ou alumna**

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Centro:

IES de Meaño

Curso:

Datos persoais dos **representantes legais**, en caso de alumnos/as menores de idade

Nome e apelidos do pai/nai/titor legal:

DNI:

EXPOÑO

O nome anterior que constaba no DNI/Pasaporte do do meu fillo/a menor de idade era

SOLICITO

Que, conforme ó procedemento establecido no Protocolo para garantir a liberdade de identidade de xénero do IES de Meaño, se modifique o seu nome legal e se rectifique a mención relativa ó sexo segundo a súa nova situación. Para isto achego a seguinte documentación:

 Copia compulsada do DNI actual Copia compulsada da partida de nacemento coa certificación do cambio rexistral

En _____, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: